



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 487
14 de xuño de 2019



CSV: BOPGDSPGJvzinf37
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Emenda á totalidade presentada ao Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia [163076](#)

— Do G. P. de En Marea (doc. núm. 51098)

■ Resolución da Presidencia, do 13 de xuño de 2019, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia [10/PL-000016 (49936)]

[163059](#)

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración

■ 47807 (10/PPL-000036)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de reforma da Lei 1/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística [163060](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

■ 50408 (10/MOC-000147)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación dun novo plan para a atención primaria do sistema sanitario público. (Moción consecuencia da Interpelación nº 46794, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 28.05.2019)

[163056](#)

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación con modificacións

■ 43898 (10/PNP-003267)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis



Sobre o impulso ao Goberno central para que continúe as xestións e impulse os cambios normativos que sexan precisos destinados a mellorar o sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar [163060](#)

I 49281 (10/PNP-003732)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da intervención pública en Alcoa de xeito transitorio co fin de garantir o mantemento do seu emprego e da súa actividade industrial [163061](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 39974 (10/PNP-002986)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Industria e Turismo en relación coa situación na que se atopa a empresa Isowat Made, do grupo Invertaresa, asentada no polígono de Agrela, na Coruña [163062](#)

I 49983 (10/PNP-003784)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para recuperar o pazo de Meirás para o patrimonio público e a posición do Parlamento de Galicia respecto do seu uso [163063](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 47514 (10/PNP-003593)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e doce deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza da inclusión, na proposta de creación de novos xulgados para Galicia en 2019, dun xulgado do social para a cidade de Lugo [163063](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 32252 (10/PNP-002425)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino, a contaminación producida pola antiga mina e os incumprimentos da empresa en materia de restauración e rexeneración [163063](#)

I 49347 (10/PNP-003738)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción



Sobre a presentación polo Goberno galego, antes do remate do primeiro período de sesións de 2019, do procedemento deseñado para avaliar a implantación da Rede galega de dinamización da formación profesional dual [163063](#)

I 49484 (10/PNP-003748)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal e o nivel de eventualidade no Sergas [163064](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.4. Estatuto dos grupos parlamentarios

2.3.4.1. Subvencións dos grupos parlamentarios

Escrito do G. P. Popular de Galicia polo que se achega o balance e conta de resultados do exercicio 2018 da subvención asignada ao grupo parlamentario con cargo ao orzamento do Parlamento (doc. núm. 50939) [163081](#)

Escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que se achega o balance e conta de resultados do exercicio 2018 da subvención asignada ao grupo parlamentario con cargo ao orzamento do Parlamento (doc. núm. 50652) [163084](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 10 de xuño de 2019, polo que se inicia o procedemento e se aproban as bases para a provisión por concurso do posto AP109 adxunto/a á xefatura do Servizo de Tecnoloxías da Información da relación de postos de traballo da Administración do Parlamento de Galicia [163065](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emenda á totalidade presentada ao Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia

A Mesa da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do día 12 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación da emenda á totalidade presentada ao Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia (doc. núm. 49936, 10/PL-000016)

Examinado o escrito presentado e dado que se axusta aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emenda á totalidade con petición de devolución:

— Do G. P. de En Marea (doc. núm. 51098)

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 13 de xuño de 2019, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia [10/PL-000016 (49936)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 51455, o escrito do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia [10/PL-000016 (49936)].

A Presidencia, tendo en conta a inmediatez da conclusión do prazo —o día 19 de xuño de 2019—, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1º. Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 51455, presentado polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

2º. Ampliar, por segunda vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia [10/PL-000016 (49936)], ata o día 24 de xuño ás 18.30 horas.

3º. Dar conta deste acordo á Mesa e á Xunta de Portavoces.



4º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

5º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

O Pleno do Parlamento, na sesión do 11 de xuño de 2019, adoptou os seguintes acordos:

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración

- 47807 (10/PPL-000036)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de reforma da Lei 1/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
BOPG nº 454, do 02.04.2019

Sometida a votación, obtense o resultado de 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 50408 (10/MOC-000147)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación dun novo plan para a atención primaria do sistema sanitario público. (Moción consecuencia da Interpelación nº 46794, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 28.05.2019)
BOPG nº 483, do 05.06.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 28 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación con modificacións

- 43898 (10/PNP-003267)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis

Sobre o impulso ao Goberno central para que continúe as xestións e impulse os cambios normativos que sexan precisos destinados a mellorar o sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar

BOPG nº 417, do 23.01.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1: aprobado pola unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes.

Punto 2: aprobado por 58 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno de Galicia a:

—Dirixirse ao Goberno central para que continúe as xestións e impulse os cambios normativos que sexan precisos para mellorar o sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar e, tras un proceso de diálogo co sector, se estuden, entre outras, a posibilidade de establecer un sistema que permita aumentar voluntariamente as bases de cotización, aproveitando que o Ministerio de Traballo está traballando nun novo sistema de cotización para os traballadores autónomos.

—Demandar ao Goberno do Estado para que o ISM, no prazo máximo dun mes, remita un informe a todas as confrarías de Galicia e a este Parlamento, no que clarifique cales son as diferentes situacións de protección social real das xentes do mar: redeiras, mariscadoras, baixura, altura, e as contías de cotización de cada grupo.»

- 49281 (10/PNP-003732)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da intervención pública en Alcoa de xeito transitorio co fin de garantir o mantemento do seu emprego e da súa actividade industrial

BOPG nº 470, do 30.04.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 0: rexeitado por 31 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

Puntos 1 e 2: rexeitados por 19 votos a favor, 39 votos en contra e 12 abstencións.

Punto 3: aprobado pola unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego acorda instar a Xunta de Galicia a demandar do Goberno central medidas urxentes respecto do marco estratéxico co fin de incentivar a compra de Alcoa e paliar a crise da



industria: a) aprobación inmediata do estatuto de electrointensivas tendo en conta as achegas do sector galego; b) a corrección das condicións da poxa de interrompibilidade prevista para o mes de xullo; c) e a planificación da substitución do sistema de poxa de interrompibilidade por unha regulación estable que permita prezos competitivos no sector con compromisos no mantemento do emprego e da actividade industrial tendo en conta tamén o papel produtor de Galicia.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 39974 (10/PNP-002986)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Industria e Turismo en relación coa situación na que se atopa a empresa Isowat Made, do grupo Invertaresa, asentada no polígono de Agrela, na Coruña
BOPG nº 383, do 14.11.2018

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Seguir coas actuacións que leva a cabo desde o comezo da situación complexa que atravesamos Isowat Made na cidade da Coruña encamiñadas á busca de solucións viables que faciliten o mantemento dos postos de traballo asociados e dean continuidade ás achegas tecnolóxicas que fai a empresa.
2. Instar o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para que colabore nas iniciativas necesarias para dar solución á situación da empresa.
3. Desenvolver as actuacións necesarias para atopar un investidor ou posible comprador e para facilitar un acordo rápido e razoable co principal acreedor no concurso da mesma que posibiliten un novo futuro á compañía, tendo en conta as posibles garantías financeiras ou outras iniciativas financeiras entre as que dispón o Igape.»

- 49983 (10/PNP-003784)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para recuperar o pazo de Meirás para o patrimonio público e a posición do Parlamento de Galicia respecto do seu uso
BOPG nº 479, do 22.05.2019

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:



«O Parlamento de Galicia, diante da falta de resposta do Goberno central con respecto ao acordo unánime (do Parlamento galego) do 12 de xullo de 2018, acorda como resolución reiterar a demanda ao Goberno central para que inicie de maneira urxente as accións legais pertinentes para recuperar o pazo de Meirás para o patrimonio público. Así mesmo, amosa o rexeitamento polo uso deste BIC para facer apoloxía da ditadura franquista e do ditador, e demanda que se leven a cabo as accións precisas para deixar sen efecto os títulos nobiliarios do Señorío de Meirás e Ducado de Franco. O Parlamento insta a Xunta de Galicia a dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 47514 (10/PNP-003593)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e doce deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza da inclusión, na proposta de creación de novos xulgados para Galicia en 2019, dun xulgado do social para a cidade de Lugo
BOPG nº 446, do 21.03.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Ministerio de Xustiza que, de xeito inmediato, rectifique a proposta de novos xulgados para Galicia en 2019 incluíndo a creación dun xulgado do social para a cidade de Lugo.»

Rexeitamento da iniciativa

- 32252 (10/PNP-002425)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino, a contaminación producida pola antiga mina e os incumprimentos da empresa en materia de restauración e rexeneración

BOPG nº 323, do 20.06.2018

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1: rexeitado por 19 votos a favor, 39 votos en contra e 12 abstencións.

Punto 2: rexeitado por 31 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 49347 (10/PNP-003738)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción



Sobre a presentación polo Goberno galego, antes do remate do primeiro período de sesións de 2019, do procedemento deseñado para avaliar a implantación da Rede galega de dinamización da formación profesional dual
BOPG nº 470, do 30.04.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 49484 (10/PNP-003748)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal e o nivel de eventualidade no Sergas

BOPG nº 474, do 07.05.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Puntos 1 e 2: rexeitados por 31 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

Punto 3: rexeitado por 25 votos a favor, 39 votos en contra e 6 abstencións.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.4. Estatuto dos grupos parlamentarios

2.3.4.1. Subvencións dos grupos parlamentarios

Escrito do G. P. Popular de Galicia polo que se achega o balance e conta de resultados do exercicio 2018 da subvención asignada ao grupo parlamentario con cargo ao orzamento do Parlamento (doc. núm. 50939)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 10 de xuño de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Escrito do G. P. Popular de Galicia polo que se achega o balance e conta de resultados do exercicio 2018 da subvención asignada ao grupo parlamentario con cargo ao orzamento do Parlamento (doc. núm. 50939)

Tómase coñecemento e ordénase a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no Portal de transparencia da páxina web.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que se achega o balance e conta de resultados do exercicio 2018 da subvención asignada ao grupo parlamentario con cargo ao orzamento do Parlamento (doc. núm. 50652)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 10 de xuño de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que se achega o balance e conta de resultados do exercicio 2018 da subvención asignada ao grupo parlamentario con cargo ao orzamento do Parlamento (doc. núm. 50652)

Tómase coñecemento e ordénase a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no Portal de transparencia da páxina web.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 10 de xuño de 2019, polo que se inicia o procedemento e se aproban as bases para a provisión por concurso do posto AP109 adxunto/a á xefatura do Servizo de Tecnoloxías da Información da relación de postos de traballo da Administración do Parlamento de Galicia

De conformidade coas medidas de modificación da RPT adoptadas pola Mesa do Parlamento de Galicia, conforme o acordo da Mesa de negociación do 27 de novembro e 14 de decembro de 2018 sobre a proposta de modificación da relación de postos de traballo, entre as que se inclúe a creación no Servizo de Tecnoloxías da Información dun novo posto do grupo A nivel 26, compre proceder á convocatoria para a provisión deste posto vacante mediante concurso de méritos, ao abeiro do disposto nos artigos 30.1.2 e 60.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia, e 16 e 28 do seu Estatuto de persoal.

O artigo 28 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia regula o sistema de provisión de postos de traballo por concurso, no que serán tidos en conta os méritos esixidos na correspondente convocatoria, entre os que constarán o grao persoal, a antigüidade, o traballo desenvolvido en anteriores postos e a formación relativa ao contido dos postos que se van cubrir, como mínimo.

A Mesa do Parlamento de Galicia, existindo na relación de postos de traballo vacantes dotadas orzamentariamente e cuxa provisión se considera necesaria, resolve convocar concurso de méritos para a provisión do posto antedito e aprobar as seguintes bases polas que se rexerá.



BASES DA CONVOCATORIA

Primeira. *Requisitos das persoas aspirantes*

1.1. Xerais

Para participar neste concurso, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Pertencer como funcionario/a de carreira ao corpo superior do Parlamento de Galicia (grupo A), escala de tecnoloxías da información.
- b) Non exceder a idade de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non ter sido obxecto dunha separación de servizo de calquera administración pública mediante expediente disciplinario nin dunha inhabilitación con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

1.2. Concorrencia

Os requisitos establecidos no punto 1.1 deberán cumprirse no último día de prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento de toma de posesión da praza resultante deste proceso selectivo.

Segunda. *Posto ofertado*

Adxunto á xefatura do Servizo de Tecnoloxías da Información, coas especificacións do anexo I das presentes bases.

Terceira. *Solicitudes*

3.1. Forma

Quen desexe tomar parte neste concurso deberá formular a súa solicitude segundo o modelo do anexo II destas bases, que tamén estará dispoñible na páxina web do Parlamento de Galicia. Tamén se poderá realizar a solicitude a través da sede electrónica (<https://sede.parlamentodegalicia.gal>) no apartado trámites/repertorio de procedementos/inscrición nos procesos selectivos.

Xunto coa solicitude presentárase, de non constar en poder da Administración parlamentaria, a seguinte documentación:

- a) Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso, debidamente compulsada e, no caso de presentación por sede electrónica, asinada ou compulsada electronicamente ou con código CSV.



b) Declaración responsable de que non se atopa separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas, e de que non padece enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das correspondentes funcións (anexo III)

3.2. Destinatario, prazo e lugar de presentación

As solicitudes deberán dirixirse á Presidencia do Parlamento de Galicia. O prazo de presentación será de dez días naturais, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia, situado na rúa do Hórreo nº 63, 15701, Santiago de Compostela, na sede electrónica do Parlamento de Galicia (<https://sede.parlamentodegalicia.gal>) ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cuarta. Admisión de aspirantes

Relacións de admitidos/as e excluídos/as.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia ditará unha resolución na que se declarará aprobada a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as, xunto coa motivación da exclusión, de ser o caso. Esta resolución publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.es).

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñerán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión. Para tal efecto, a estimación ou a desestimación destas peticións de emenda entenderanse implícitas na resolución pola que se determine a relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as e a súa publicación servirá de notificación a quen teña presentado alegacións.

Transcorrido este prazo, a Presidencia ditará a resolución definitiva, contra a que se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante este órgano no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A resolución definitiva será obxecto da mesma publicidade que a provisional.

Quinta. Comisión de valoración

5.1. Composición

A Comisión de valoración será designada pola Presidencia da Cámara de acordo coa normativa reguladora da función pública aplicable nesta materia e non poderá estar composta maioritariamente por persoal do corpo ou escala de que se trate. Ningunha persoa integrante terá titulación inferior



á esixida para a admisión ás probas. Na súa composición debe atenderse aos principios de imparcialidade e profesionalidade e ao disposto na normativa para a igualdade de mulleres e homes.

5.2. Abstención e recusación

Os membros da comisión de valoración deberán absterse ou poderán ser recusados por calquera interesado/a, e particularmente polos/as aspirantes, cando concorran algúns dos supostos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Cando se produza esta situación e, consecuentemente, a vacante dun membro titular, o seu suplente cubrirá este posto e a Presidencia designará un novo suplente.

A presidenta ou o presidente, na sesión de constitución da comisión, solicitará dos seus membros declaración expresa de non se encontraren incursos nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou na prevista nestas bases.

5.3. Constitución e actuación

A comisión de valoración non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros.

As decisións adoptaranse por maioría dos presentes.

Por cada sesión da comisión de valoración redactarase unha acta, coa sinatura do secretario ou secretaria e co visto e prace do presidente ou presidenta.

5.4. A comisión de valoración non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou o concurso un número superior de aspirantes ao da praza convocada. Será nula de pleno dereito calquera proposta de aprobados/as que o contraveña.

Sexta. *Valoración de méritos*

Baremo de valoracións:

6.1.1. Antigüidade

Os servizos serán valorados por meses de 30 días. A puntuación máxima deste apartado será de 6 puntos.

Por servizos prestados como funcionario/a de carreira do Parlamento de Galicia no mesmo grupo do posto ao que opta: 0,020 puntos/mes. No caso de servizos prestados en grupos inferiores, a puntuación por mes será de 5 milésimas menos por cada grupo no que prestara servizos.

Por servizos prestados como funcionario/a de carreira doutras administracións públicas no mesmo grupo do posto ao que opta: 0,015 puntos/mes. No caso de servizos prestados en grupos inferiores, a puntuación por mes será de 5 milésimas menos por cada grupo no que prestara servizos.



6.1.2. Grao persoal consolidado e formalizado

A puntuación máxima deste apartado será de 4 puntos.

– Nivel 20: 2 puntos.

– Por cada unidade máis: 0,20 puntos

6.1.3. Traballo desenvolvido en postos similares ao desta convocatoria, dentro da área de tecnoloxías da información, tanto na Administración parlamentaria como noutras administracións públicas.

A puntuación máxima deste apartado será de 6 puntos.

Valorarase a razón de 0,05 puntos/mes Os servizos serán valorados por meses de 30 días.

6.1.4. Formación

A puntuación máxima deste apartado será de 10 puntos.

Valorarase os cursos de formación realizados durante os últimos 5 anos, impartidos por escolas oficiais de formación das comunidades autónomas, universidades, administracións públicas ou por outras entidades, sempre que neste último caso os cursos contén cunha homologación oficial.

Para estes efectos valorarase os cursos realizados sobre informática: estatística, teoría de autómatas, arquitectura de ordenadores, enxeñaría do software, programación e estruturas de datos, linguaxes de programación, sistemas operativos, xestión de sistemas, devasas, seguridade informática, redes de ordenadores, bases de datos. Procedemento administrativo, arquivo, atención ao cidadán, seguranza e saúde laboral, contratación administrativa, xestión administrativa, idiomas oficiais da Unión Europea e calquera outra materia relacionada coas funcións propias deste tipo de postos de traballo.

Cada curso igual ou superior a 12 horas lectivas valorarase con 0,01 puntos /hora.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as horas de duración, os cursos inferiores a 12 horas lectivas nin a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares, así como as materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica, nin os cursos de doutoramento ou os módulos ou partes integrantes dun curso. Tampouco se valorarán os cursos que formen parte dos procesos de selección de persoal funcionario.

6.1.5. Grao de coñecemento do idioma galego

A puntuación máxima deste apartado será de 3 puntos.

Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou Celga 5. Valorarase con 1,5 puntos.



Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega. Valoraranse con 3 puntos.

No caso de acreditar máis dun grao de coñecemento de galego, só se computará o superior.

6.1.6. Exercicio de dereitos de conciliación nos cinco anos anteriores á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*

A puntuación máxima deste apartado será de 1 punto.

—Permiso por parto, adopción ou acollida (artigos 121 e 122 da LEPG): 0,20 puntos.

—Permiso do outro proxenitor por parto, adopción ou acollida (art.124 da LEPG): 0,20 puntos.

—Redución de xornada prevista no artigo 59.1.f) do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia: 0,04 puntos/mes.

—Excedencia para coidado de fillos/as e familiares (artigo 176 da LEPG): 0,04 puntos/mes.

Os meses computaranse por días naturais (30 días).

6.2. A experiencia e méritos alegados nos puntos anteriores deberanse referir á data de publicación da convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

6.3. As puntuacións obtidas no concurso faranse públicas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Os/As aspirantes dispoñerán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para efectuaren ante a comisión de valoración as alegacións que coiden oportunas respecto da puntuación outorgada no concurso.

6.4. Os méritos a que se refiren os puntos anteriores deberán manifestarse na solicitude e, de non constaren en poder da Administración parlamentaria, acreditarse coa seguinte documentación:

No caso de servizos prestados noutras administracións públicas, mediante certificación da unidade de persoal do organismo correspondente.

Os méritos aos que se refire o punto 6.1.3 deberan manifestarse e acreditarse mediante certificación expedida pola xefatura da unidade administrativa correspondente.

Toda a documentación presentada deberá ser en orixinal ou copia compulsada.

Sétima. *Lista de resultado de valoración de méritos*

A comisión de valoración sumará os resultados obtidos por cada aspirante no concurso, que será publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e elevaralle á Mesa do Parlamento proposta en favor do/a aspirante que obtivese a maior puntuación.



No suposto de empate nas puntuacións de dous/dúas ou máis aspirantes, resolverase a favor do/a aspirante que obtivese a puntuación máis alta do apartado 6.1.4; de continuar o empate, resolverase acudindo á puntuación obtida no apartado 6.1.1

Oitava. *Presentación de documentos*

8.1. A persoa aspirante que superase o proceso de concurso deberá presentar a documentación ante a Presidencia do Parlamento, no prazo de vinte días naturais desde que se faga público o acordo de aprobación pola Mesa do Parlamento de Galicia.

8.2. Se dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior libremente apreciados polo letrado oficial maior, non presentase a documentación ou do exame dela se deducise que carece dalgún dos requisitos sinalados na base primeira, non poderá ser nomeado para o posto e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorra por falsidade na solicitude inicial.

Novena. *Nomeamento*

Unha vez presentados os documentos a que fai referencia a base anterior, logo de transcorrer o prazo de presentación, a Presidencia procederá ao nomeamento da persoa aspirante que superase o concurso para a provisión do posto. Este nomeamento publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia*.

Décimo primeira. *Cláusula derradeira*

Contra esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Os actos administrativos que deriven desta convocatoria e da actuación dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2019

Miguel Angel Santalices Vieira

Presidente do Parlamento de Galicia



ANEXO I
Posto ofertado

Código	Denominación	Forma provisión	CD	CE	Grupo	Corpo	Escala	Admón	Tipo de persoal	Situación posto	Requisitos específicos para a súa provisión
AP109	Adxunto á xefatura do servizo	C	26	21.094,92	A	Superior	Tecnoloxías da información	PG	F	V	Escala de tecnoloxías da información



ANEXO II

SOLICITUDE DE
ADMISIÓN AO
CONCURSO DE
PROVISIÓN DE POSTO

Selo do Rexistro

DENOMINACIÓN DO POSTO: Adxunto á xefatura do Servizo de Tecnoloxías da Información

Datos persoais:

<i>Primeiro apelido</i>		<i>Segundo apelido</i>	
<i>Nome</i>	<i>DNI</i>		
<i>Concello</i>	<i>Provincia</i>	<i>Nacionalidade</i>	
<i>Enderezo (rúa, praza, número)</i>		<i>Localidade</i>	<i>Código postal</i>
<i>Provincia</i>	<i>Teléfono 1</i>	<i>Teléfono 2</i>	
<i>Correo electrónico:</i>			

Antigüidade e traballo desenvolvido

<i>Denominación do posto</i>	<i>Administración /unidade administrativa</i>	<i>Grupo</i>	<i>Nivel</i>	<i>Desde</i>	<i>Ata</i>

Grao persoal consolidado:

Exercicio de dereitos de conciliación

<i>Tipo de licenza, permiso, redución ou excedencia</i>	<i>Desde</i>	<i>Ata</i>



Formación:

<i>Título do curso</i>	<i>Horas</i>	<i>Centro de expedición</i>

A persoa que asina **SOLICITA** ser admitida no proceso selectivo a que fai referencia esta solicitude e **DECLARA** que son certos os datos consignados nela e que reúne as condicións exixidas para o posto de ADXUNTO Á XEFATURA DE SERVIZO DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN do Parlamento de Galicia e as especialmente sinaladas na convocatoria, e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

En cumprimento da normativa de protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os seus datos persoais serán tratados segundo o previsto no Rexistro de actividades de tratamento do Parlamento de Galicia, para a actividade de tratamento denominada «Procesos selectivos», conforme o Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de marzo de 2019, polo que se aproba o Rexistro de actividades de tratamento de datos de carácter persoal do Parlamento de Galicia. As/os solicitantes poderán exercer os seus dereitos previstos na lei, mediante un formulario a través da páxina Web: <http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos> na que dispoñen de información adicional, ou ao correo electrónico pdcp@parlamentodegalicia.gal

Santiago de Compostela, dede 2019

(Sinatura)



ANEXO III

Declaración responsable

D./D^a,
con domicilio en,
e documento nacional de identidade número.....

Declaro responsablemente, para os efectos de participar no concurso para a provisión dun posto de adxunto á xefatura do Servizo de Tecnoloxías da Información do Parlamento de Galicia, que non me atopo separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública e que non estou inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Así mesmo, declaro que non padezo enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das correspondentes funcións do posto.

.....dede 2019

(Sinatura)



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García** e **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á totalidade, con petición de devolución**, ao **Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia** [doc. núm. 49936, (10/PL-000016)] polas seguintes razóns:

A conservación ambiental non estivo nin está nas prioridades do Goberno galego dende que o PP chegou novamente, en 2009, ao poder autonómico. A rebaixa dos orzamentos en política ambiental foi drástica, e a parálise e a ausencia de avances foi a nota predominante.

Este Proxecto de lei vén substituír a Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza, entendendo que xa é unha norma obsoleta e que non se adaptada ás novidades lexislativas europeas e estatais.

Porén, foi unha lei incumprida polo Goberno popular durante os últimos 10 anos, deixando sen desenvolver preceptos básicos do texto legal vixente, mesmo sen ter un desenvolvemento regulamentario. Para por un exemplo, só están aprobados 2 plans de conservación das 74 especies ameazadas que constan no Catálogo.

Isto é mostra da falla de interese da Xunta de Galicia na conservación natural e da biodiversidade.

Outra mostra máis é a ausencia dunha proposta do Goberno galego para a ampliación da Rede Natura 2000, reiteradamente demandada, tamén dende as





institucións europeas, e prometida polo propio PP; ou mesmo a grande demora para adaptar a lei autonómica á estatal que está en vigor dende 2007.

Polo exposto, non é posible que a elaboración dun novo texto legal tape as enormes carencias neste campo do Goberno galego. Moito menos cando este Proxecto de lei segue a manter tics característicos deste goberno que abren a posibilidade á discrecionalidade na actividade urbanística e económica nos espazos protexidos.

En principio prevalecen os instrumentos de planificación e xestión dun espazo protexido sobre calquera outra planificación sectorial e urbanística, pero deixa aberta a porta á discrecionalidade, porque introduce a excepción de “cando concorran razóns imperiosas de interese público de primeira orde”.

Así os planos de ordenación dos recursos, plans reitores de uso e xestión, plans de conservación poderán ser subordinados a intereses alleos á conservación ambiental por criterios moi pouco concretados no texto legal.

Vemos tamén como o texto pretende que os PORN non poidan establecer determinacións sobre os solos urbanos.

O texto legal non regula as boas prácticas forestais como si o fai coas prácticas agrícolas, o que, nun país onde a política forestal é unha ameaza para a biodiversidade ou para o ciclo da auga, é moi chamativo.

Tampouco se contempla un Catálogo de Especies Exóticas Invasoras, unha ameaza para o equilibrio e a biodiversidade.

En contra do que contén a Lei básica estatal 42/2007, ou leis autonómicas, o Goberno galego pretende impoñer unha superficie mínima para a consideración





de parque natural, o que empobrece a protección limitándoa cun criterio simplista. Si hai necesidade de conservación especial dun espazo non vén determinada pola superficie.

Non incorpora principios fundamentais, que si están na lei básica estatal 42/2007 de protección do patrimonio natural, de forma incomprensible. Exemplos destes son a preservación dos servizos ecosistémicos, ou a xustiza e a equidade no reparto dos beneficios do aproveitamento dos recursos.

O Proxecto de lei ten unha visión que desconecta coa realidade social do marco ambiental, cuestións que non poden desligarse, e máis si non se quere que entren en conflito a conservación da natureza e a economía das persoas, falsa dicotomía que sempre introduce este goberno nos debates.

Existen no texto outras ausencias clamorosas como é unha regulación acerca das rías galegas ou unha inclusión exhaustiva dos humidais presentes no inventario de humidais de Galiza.

Mostras do sesgo dos esquecementos da lei é o artigo 84 onde se exclúe o punto 7 do artigo 46 que dí :“7. La realización o ejecución de cualquier plan, programa o proyecto que pueda afectar de forma apreciable a especies incluídas en los anexos II o IV que hayan sido catalogadas, en el ámbito estatal o autonómico, como en peligro de extinción, únicamente se podrá llevar a cabo cuando, en ausencia de otras alternativas, concurren causas relacionadas con la salud humana y la seguridad pública, las relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para el medio ambiente u otras razones imperiosas de interés público de primer orden. La justificación del plan, programa o proyecto y la adopción de las correspondientes medidas compensatorias se llevará a cabo conforme a lo previsto en el apartado 5, salvo por lo que se refiere a la remisión





de las medidas compensatorias a la Comisión Europea.” Unha ausencia significativa.

Finalmente, aínda que sempre é importante unha lexislación actualizada, non é menos importante o cumprimento e implementación das leis e o financiamento axeitado e, neste proxecto, non só non se garante un financiamento axeitado senón que textualmente di que: “A maior parte das previsións e modificacións que esta lei introduce respecto á Lei 9/2001 non teñen repercusións económicas para ningunha das administracións afectadas” e, polo tanto, non implican ningún incremento de gasto público.

Creemos firmemente que só co desenvolvemento dun modelo socioeconómico e transversal e do incremento dos orzamentos dedicado a políticas de protección da natureza se poderán cumprir os obxectivos pretendidos, e ambas as dúas condicións non se garanten con este Proxecto de lei.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a presente emenda de devolución ao Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados e Voceiro S. do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 10/06/2019 16:57:42

Marcos Cal Ogando na data 10/06/2019 16:57:51



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 27.2 do Regulamento da Cámara, presenta anexos a este escrito o seu balance e conta de resultados do exercicio contable 2018, en base aos modelos aprobados pola Mesa do Parlamento na sesión do 27 de maio de 2019.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2019.

Asdo. Pedro Puy Fraga

Portavoz





BALANCE DE SITUACION DO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA
EXERCICIO 2018

BALANCE DE SITUACIÓN	
ACTIVO	
A) ACTIVO NON CORRENTE	2.564,74
I. Inmobilizado	2.564,74
II. Investimentos financeiros a longo prazo	
B) ACTIVO CORRENTE	1.321.664,46
I. Existencias	
II. Debedores e outras contas a cobrar	
III. Investimentos financeiros a curto prazo	
IV. Periodificacións a curto prazo	
V. Tesouraría	1.321.664,46
TOTAL ACTIVO (A+B)	1.324.229,20

PATRIMONIO NETO E PASIVO	
A) PATRIMONIO NETO	1.280.554,00
A-1) Patrimonio xerado	1.280.554,00
I. Excedentes anteriores	789.317,56
II. Excedentes do exercicio	491.236,44
A-2) Variacións patrimoniais pendentes de imputación a resultados	
B) PASIVO NON CORRENTE	0,00
I. Provisións a longo prazo	
II. Débedas a longo prazo	
C) PASIVO CORRENTE	43.675,20
I. Provisións a curto prazo	
II. Débedas a curto prazo	
III. Acreedores e outras contas a pagar	43.675,20
IV. Periodificacións a curto prazo	
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	1.324.229,20





CONTA DE RESULTADOS DO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA
EXERCICIO 2018

CONTA DE RESULTADOS		
	(Debe)	Haber
1. Ingresos de orixe pública		1.094.253,12
A) TOTAL INGRESOS DA XESTIÓN ORDINARIA (1)		1.094.253,12
2. Gastos de persoal	(561.346,67)	
3. Achegas a formación política	(,00)	
4. Gastos da actividade ordinaria	(41.196,63)	
5. Amortización do inmovilizado	(554,28)	
B) TOTAL GASTOS DA XESTIÓN ORDINARIA (2+3+4+5)	(603.097,58)	
I. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DA ACTIVIDADE ORDINARIA (A+B)		491.155,54
6. Deterioración e resultado por alleamentos do inmovilizado		
II. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DA ACTIVIDADE NON ELECTORAL (I+6)		491.155,54
7. Gastos financeiros		
8. Ingresos financeiros		80,90
III. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (7+8)		80,90
IV. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DO EXERCICIO (II+III)		491.236,44

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/06/2019 13:25:25



7 5 XUN. 2019

NUM. 50652

À Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 27.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa en documentos anexos o balance e conta de resultados do exercicio 2018, para a súa publicación no Portal de transparencia do Parlamento de Galicia.

Pazo do Parlamento, 5 de xuño de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz



BALANCE DE SITUACIÓN DO GRUPO PARLAMENTARIO PSdeG-PSOE

2018

BALANCE DE SITUACIÓN	
ACTIVO	
A) ACTIVO NON CORRENTE	37.648,03
I. Inmobilizado	
II. Investimentos financeiros a longo prazo	
B) ACTIVO CORRENTE	
I. Existencias	
II. Debedores e outras contas a cobrar	400,00
III. Investimentos financeiros a curto prazo	
IV. Periodificacións a curto prazo	
V. Tesouraría	37.248,03
TOTAL ACTIVO (A+B)	37.648,03

PATRIMONIO NETO E PASIVO	
A) PATRIMONIO NETO	26.906,07
<i>A-1) Patrimonio xerado</i>	
I. Excedentes anteriores	27.270,68
II. Excedentes do exercicio	- 364,61
<i>A-2) Variacións patrimoniais pendentes de imputación a resultados</i>	
B) PASIVO NON CORRENTE	0,00
I. Provisións a longo prazo	
II. Débedas a longo prazo	
C) PASIVO CORRENTE	10.741,96
I. Provisións a curto prazo	
II. Débedas a curto prazo	9.602,08
III. Acredores e outras contas a pagar	1.139,88
IV. Periodificacións a curto prazo	
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	37.648,03



**CONTA DE RESULTADOS DO GRUPO PARLAMENTARIO PSdeG-POSE
2018**

CONTA DE RESULTADOS		
	(Debe)	Haber
1. Ingresos de orixe pública		499.061,88
A) TOTAL INGRESOS DA XESTIÓN ORDINARIA		499.061,88
2. Gastos de persoal	162.169,20	
3. Achegas a formación política		
4. Gastos da actividade ordinaria	337.257,29	
5. Amortización do inmovilizado		
B) TOTAL GASTOS DA XESTIÓN (2+3+4+5)	499.426,49	
I. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO DA ACTIVIDADE ORDINARIA (A+B))	364,61	
6. Deterioración e resultado por alleamentos do inmovilizado		
II. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DA ACTIVIDADE NON ELECTORAL (I+6)	364,61	
7. Gastos financeiros		
8. Ingresos financeiros		
III. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (7+8)		
IV. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DO EXERCICIO (II+III)	364,61	



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

